

Reflexiones en torno aos xoves, a delincuencia e as bandas criminais

Rubiños Varela, Tamara

2015-03-20

<http://hdl.handle.net/20.500.11777/675>

<http://repositorio.iberopuebla.mx/licencia.pdf>



Reflexiones

en torno aos **xoves**, a **delincuencia**
e as **bandas criminais**



Tamara Rubiños Varela

Doctoranda del Centro de Investigación en Criminología de la Universidad de Castilla-La Mancha (España)

Resumo

Dende hai un tempo a esta parte, vense debatendo a miúdo a relación dos xoves coa delincuencia. A isto, é preciso engadir que, xeralmente, esta relación enténdese como produto dunha banda de xoves con fins criminais. Certamente, hai que facer constar o carácter grupal dos xoves no plano delituoso, sen embargo, recentes investigacións mostran que en España, os grupos xuvenís delituosos distan en grande medida de ser agrupacións criminais consolidadas e creadas coa finalidade de delinquir. Reflexionar acerca dos xoves e as agrupacións xuvenís, entre elas, as bandas criminais, é o obxectivo principal deste artigo.

Resumen

De un tiempo a esta parte, a menudo se viene debatiendo la relación de los jóvenes con la delincuencia. A esto es necesario añadir que, generalmente, esta relación se entiende como producto de una banda de jóvenes con fines criminales. Ciertamente, hay que hacer constar el carácter grupal de los jóvenes en el plano delictivo, sin embargo, recientes investigaciones muestran que en España, los grupos juveniles delictivos distan en gran medida de ser agrupaciones criminales consolidadas y creadas con la finalidad de delinquir. Reflexionar acerca de los jóvenes y las agrupaciones juveniles, entre ellas, las bandas criminales, es el objetivo de este artículo.

Naquel momento rumoreábase, e segue a rumorearse sobre a rivalidade entre a nación Latin Kings e a Asociación Ñeta, e entre outros grupos latinos que habitaban nos barrios de Barcelona. Coñecéronse varios altercados entre xoves que en moitos dos casos se saldaron con vítimas. Perseguíronse as organizacións e aos seus xoves, perseguiuse a estética latina e a rapeira, e como é normal, a sociedade entrou nun estado de preocupación polos acontecementos, e pola intranquilidade que isto supuxo, sobre todo nos barrios onde hai poboación latina. A culpa coma sempre, levárona todos, sen discriminación e levárona coma sempre os máis débiles, os máis visibles e os máis ruidosos, moi poucas veces nos paramos a analizar porque pasa isto, se non será produto do sistema. A maioría dos movementos sociais xéranse en contestación ao mal funcionamento do sistema, ás diferenciais sociais e á falta de solución en evolucionar cara un mundo máis xusto.

Son palabras de Xaime López, coordinador do proxecto “Unidos por el Flow”, unha iniciativa de éxito xurdida en Barcelona, que tentou e logrou integrar a máis de 25 membros de diferentes bandas latinas, dende sempre entendidas como rivais, nun proxecto musical común.

Nos últimos anos asistimos a un proceso de alarmismo da inseguridade cidadá, unha experimentación de medos da sociedade ante certos grupos e espazos sociais, nos cales se está a construír un imaxinario ao redor dos xoves que fixa sobre eles a desconfianza, inquietude e ameaza. Ao redor dos anos 90 deuse en España un aumento da alarma social sobre os enfrontamentos violentos e agresións entre grupos de xoves. A meirande parte desta atención veu dada polo tratamento outorgado a este tipo específico de comportamento de risco polos medios de comunicación (Rechea, 2008) xerándose un importante aumento da preocupación

social. O incremento progresivo de novas e outras referencias mediáticas sobre as condutas desviadas xuvenís, contribuíu á propagación de estereotipos sobre os grupos de xoves con diferencias estéticas, aos que se asociaba cun tipo de violencia gratuíta, en moitas ocasións, moi alonxada da realidade. A “doutrina Giuliani” xurdida en New York en 1993 e estreitamente relacionada coa campañas de “Tolerancia Cero”, actuou tanto nos ámbitos políticos como nos medios de comunicación, coma unha caixa de resonancia de cualificacións e estigmatizacións que contribúen a xerar unha opinión pública sobre certos sectores sociais. Entre eles: sobre os xoves, inmigrantes, de clases baixas e de barrios marxinais. Así, dun xeito simplista e en grande medida infundado, contribuíuse a etiquetalos como “perigosos”, “drogadictos” ou “violentos” (Reguillo, 2000).

Sen embargo, contra a crenza xeral, os índices oficiais (en España) parecen intuír que a evolución da delincuencia xuvenil é que cada ano hai un menor número de delitos violentos en xeral (Rechea, 2008). En palabras de Laespada e Salazar (1999), “non é que ocorran máis actuacións violentas protagonizadas polos nosos xoves, senón que as que se producen teñen unha presenza moi significativa nos medios e, polo tanto, unha maior permanencia nas nosas retinas”. En calquera caso, a delincuencia xuvenil caracterízase sobre todo por constituír un fenómeno grupal (Rechea, 2000) e é pois neste sentido no cal debe ser analizada e interpretada a delincuencia cometida por xoves.

Falar de grupos xuvenís e delincuencia, é polo xeral interpretado como un fenómeno de bandas xuvenís con alta carga de perigosidade. Sen embargo, nada máis lonxe da realidade, os grupos de xoves adquiren distintas formas e manifestacións en función das motivacións que levaron á súa creación ou xurdimento, e tamén en función dos fins últimos da mesma. As máis habituais formas de grupos de menores son aquelas por completo alonxadas das condutas desviadas. Sen embargo, tampouco se pode obviar a efectiva existencia dalgúns grupos minoritarios de xoves con certa vinculación ás actividades antisociais, e finalmente, algúns outros aínda máis minoritarios cuxa razón de existencia é a conduta criminal. As principais razóns de diferenciación entre unhas e outras modalidades son principalmente a organización do grupo, perdurabilidade do mesmo e vinculación coa delincuencia grave. Non obstante, establecer onde se marcaría a diferenza entre as distintas tipoloxías e definir claramente que é unha banda xuvenil por contra ás outras manifestacións de agrupación xuvenil, é unha cuestión a día de hoxe pendente de consenso por parte dos seus estudosos.

O termo “banda” é un concepto que dado o variado uso do mesmo polas distintas institucións ou colectivos sociais, así como polos propios investigadores, englobaría unha multitude de agrupacións de diversas características. Así mesmo, parece que para o común da sociedade e influído isto polos medios de comunicación como se apuntou anteriormente, abunda con que exista un status xuvenil

“Unidos por el Flow”, unha iniciativa de éxito xurdida en Barcelona, que tentou e logrou integrar a máis de 25 membros de diferentes bandas latinas, dende sempre entendidas como rivais, nun proxecto musical común.

© Lithinsky Stock Free Images © Pictstime Stock Photos

relacionado cunha serie de condutas imprudentes, para que o imaxinario social “entenda” que se está facendo referencia a unha banda xuvenil. E aproveitando as palabras de Downs e Hess (2000) estariase transmitindo a idea dun “grupo de individuos altamente organizado, envolvido en asuntos de drogas e moi perigoso”.

O estudo das agrupacións xuvenís e a súa relación coa delincuencia remóntase á Escola de Chicago, pioneira en tratar de ofrecer unha diferenciación entre unha banda xuvenil, grupo relacionado coa delincuencia e aqueles outros conxuntos de xoves que nada tiñan que ver coa conduta criminal. A partir da década dos 70 foron sucedéndose diversas aportacións a este estudo, das cales, a conclusión xeral foi que é preciso establecer unha tipoloxía de agrupacións xuvenís en función da súa vinculación coa delincuencia. Produto da falta de consenso teórico no significado do termo “banda”, xurdiu como resultado da asociación de expertos no tema, Eurogang Network: un grupo de estudo do fenómeno da delincuencia grupal xuvenil. Botando man dun dos seus máis destacados representantes, Juanjo Medina, por unha banda debería entenderse “un grupo estable de xoves con presenza en espazos públicos que deriva a súa identidade grupal da participación en actividades delituosas”. Asumida esta definición, para poder referirse a un grupo xuvenil como “banda” este debe reunir unha serie de criterios: estar formado por un mínimo de tres suxeitos de idade adolescente, que acostumen a pasar moito tempo xuntos e dispoñan dun espazo público onde pasar ese tempo, que dito grupo sexa estable en canto á súa antigüidade, e sobre todo e como criterio indispensable, que leve a cabo condutas ilegais en grupo.

O Centro de Investigación en Criminoloxía, da Universidade de Castilla-La Mancha, seguindo as pautas de Eurogang Network tratou de elaborar unha tipoloxía de grupos xuvenís en relación aos mesmos coa delincuencia. Empregouse a metodoloxía de autoinforme, de xeito que un total de 4152 xoves de España responderon a diversas preguntas nas cales se trataba de coñecer a súa vinculación coas condutas desviadas. Os resultados derivados deste estudo mostraron que era posible distinguir catro tipoloxías de agrupacións xuvenís: grupo estable de amigos sen ningunha vinculación coas condutas delituosas; grupo de amigos susceptible de ser ilegal, serían aqueles que a pesar de que o suxeito manifeste que no seu conxunto de amigos hai unha valoración favorable ao feito de cometer condutas antisociais e/ou delituosas non manifestaron telo cometido; grupo xuvenil delituoso, aquel no cal ademais de estar ben visto facer cousas ilegais, se fan; e finalmente banda, serían aqueles que cumprindo con todos os requisitos anteriores, ademais se consideran a si mesmos membros dunha banda.

Os datos obtidos no estudo, mostraron que un 11.7% de xoves pertencerían a un grupo xuvenil delituoso, porcentaxe que se reducía a un 2.1% cando se preguntaba se se consideraba ao grupo de amigos unha banda. Tratouse ademais de coñecer cales eran as actividades en contra da norma máis

habituais, do cal resultou curioso observar que a maioría das condutas antisociais que levan a cabo no grupo de amigos están máis relacionadas con aquelas de tipo vandálico que coas de tipo delituoso. É dicir, a maioría dos suxeitos finais (2.1%) manifestou que na súa banda se daban máis facilmente actos como o consumo de drogas ou roubos en establecementos comerciais (considerados condutas habituais entre os adolescentes non indicadoras de criminal), que aquelas máis graves que supuxeran dano nas persoas ou forza nas cousas para roubar (obtendo estes últimos unha moi feble significación).

De todo o anterior, podería deducirse que a meirande parte dos grupos xuvenís, máis alá dun fin criminal, xorden coma un espazo de relación entre iguais, un espazo no cal achar a independencia emocional respecto das outras institucións sociais como pode ser a familiar. A unión en grupos que crean a súa propia subcultura, complicidades, linguaxe, comportamento, gustos, música ou forma de vestir (Landrove, 2007). Un proceso de socialización necesario que non necesariamente ten porque dirixirse á conduta delituosa.

Sinala tamén Juanjo Medina (2010) que outra das razóns que moitos autores manteñen sobre o xurdimento das agrupacións xuvenís, é que representan o baleiro de poder deixado polo Estado ou aquelas institucións encargadas de velar pola exclusión social e o benestar social. Reflexión que dalgún xeito fai referencia á necesidade dalgúns xoves a compartir espazo cos seus iguais. Por exemplo, xoves inmigrantes recién chegados a un novo entorno no cal non son integrados e finalmente, rematan facendo unión con outros procedentes do seu mesmo lugar. Unha deixadez de protección por parte do Estado que pode conlevar a unha conduta de marxinalidade, a unha busca de recursos ou necesidades que en ocasións se acaban obtendo pola vía ilícita ante aos atrancos sociais a obtelos pola vía normativa.

Ou, por pechar tamén coas palabras de Xaime López, coordinador de “Unidos por el Flow”,

[...]o primeiro contacto que tivemos cos xoves da organización Latin King ou Ñeta, a finais do 2005, non foi tan diferente á que tivemos con outros xoves de outros colectivos, as súas formulacións e as súas necesidades eran e son semellantes ás de xoves que coñecen por primeira vez un centro xuvenil ou un espazo con recursos.



Bibliografía

- Antunes, P., X. López, C. Feixa, Asociación Unidos por el Flow (2008), *Unidos por el Flow*, Barcelona: K Industria Cultural.
- Cerbino, M., L. Barrios, (2008), *Otras Naciones: Jóvenes, transnacionalismo y exclusión*, Flaco, 75-92.
- Elzo, J.; F. A. Orizo, J. González-Anleo, P. González Blasco, M. T. Laespada, L. Salazar (1999), *Jóvenes Españoles 99*, Madrid: Fundación Santa María.
- Esbensen, F. A.; L. T. Winfree, N. He, T. J. Taylor (2001), "Youth gangs and definitional issues: when is a gang a gang, and why does it matter?", *Crime & Delinquency*, 47(1), 105-130.
- Feixa, C. (1998), *De jóvenes, bandas y tribus*, Barcelona: Editorial Ariel.
- (1994), "De las bandas a las culturas juveniles", *Estudios sobre las culturas contemporáneas*. 5(015), 139-170.
- Feixa, C., L. Porzio, C. Recio (2006), *Jóvenes "latinos" en Barcelona*, Barcelona: Anthros.
- Ferrándiz, F.; C. Feixa, (2005) *Jóvenes sin tregua*, Barcelona: Anthros.
- Gallego Martínez, P. (2008), *La mara al desnudo*, Málaga: Sepha.
- González Blasco, P.; J. Elzo, J. M. González-Anleo Sánchez, A. López Ruiz, M. Valls Iparraguirre (2005), *Jóvenes Españoles 2005*, Madrid: Editorial SM.
- González González, E. (1982), *Bandas juveniles*, Barcelona: Editorial Herder.
- Hallsworth, S., T. Young (2008), "Gang talk and gang talkers: A critique", *Crime, Media, Culture*. 4(2), 175-195.
- Klein, M. W., H. J. Kerner, C. L. Maxson, E. G. M. Weitekamp (2001), *The Eurogang Paradox*, Dordrecht: Kluwer Academic Publishers.
- Klein, M. W., F. M. Weerman, T.P. Thornberry, (2006), "Street gang violence in Europe", *European Journal of Criminology*, 3(4), 413-437.
- Landrove, G. (2007), "Bandas juveniles y delincuencia", *Diario La Ley*; nº 6627 (D-10).
- Rechea Alberola, C., E. Fernández Molina, M. J. Benítez Jiménez (2004), *Tendencias sociales y delincuencia*, 1-69.
- Rechea Alberola, C. (2008), *Conductas delictivas y antisociales de los jóvenes en España*, 1-61.
- Reguillo, R. (2000), Emergencia de culturas juveniles. Estrategias del desencanto. En http://perio.unlp.edu.ar/teorias/index_archivos/reguillo_emergencia.pdf
- Scandroglio, B., J. M. Martínez, M. J. Martín, J. S. López, A. Martín, M. C. San José, J. M. Martín, (2002), "Violencia grupal juvenil: Una revisión crítica", *Psicobema*, 14, 1-17.
- Scandroglio, B., J. López Martínez, J. M. Martínez García, M. J. Martín López, M. C. San José Sebastián, A. Martín González (2003), "La conducta violenta en grupos juveniles: Características descriptivas", *Estudios de juventud*, 62(03), 151-158.
- Scandroglio, B., J. López Martínez, M. C. San José Sebastián (2008), "Pandillas: Grupos juveniles y conductas desviadas. La perspectiva psicosocial en el análisis y la intervención", *Educacion & Psychology I+D+i and Editorial EOS*, 6(1), 65-94.
- Scandroglio, B., J. S. López Martínez, M. C. San José Sebastián (2008), "La teoría de la identidad social: una síntesis crítica de sus fundamentos, evidencias, y controversias", *Psicobema*, 20(1), 80-89.
- Sharp, C., J. Aldridge, J. Medina (2006), "Delinquent youth groups and offending behaviour: Findings from the 2004 offending, crime and justice survey", *Home Office*, 1-57.
- Vinyamata, E. (2008), *Pandillas y maras*, Valencia: Tirant lo blanch.
- Weerman, F. M., C. L. Maxson, F. A. Esbensen, J. Aldridge, J. Medina, F. Van Gemert (2009), "Eurogang program manual: Background, development, and use of the eurogang instruments in multi-site, multi-method comparative research".